



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Personál

*Reinicio do proceso selectivo da bolsa de emprego de persoal administrativo*

##### ANUNCIO

##### REINICIO DO PROCESO SELECTIVO DA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE ARTEIXO

Téndose aprobado por Decreto n.º 486/2021, de data 25/02/2021, con CVD: ehRXL/3jlcUNixTCOfOZ, o reinicio do proceso selectivo da bolsa de emprego de persoal administrativo do Concello de Arteixo, procédese a súa publicación para xeral coñecemento e efectos oportunos:

PRIMEIRO.–Reanudar o proceso selectivo en suspenso da bolsa de traballo de persoal administrativo, procedendo ao chamamento dos membros do tribunal seleccionador, para a súa constitución presencial, o vindeiro 23 de marzo de 2021, ás 8.30 horas, no Salón de Plenos da Casa Consistorial.

SEGUNDO.–Proceder ao chamamento de aspirantes aptas/os do primeiro exercicio, para realización presencial do segundo exercicio da fase de oposición na mesma data, 23 de marzo de 2021, ás 12.30 horas, no Pazo dos Deportes, sito en Avda. Arsenio Iglesias, s/n - 15402 - Arteixo (A Coruña).

TERCEIRO.–Determinar, como MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SEGURIDADE de obrigado cumprimento na data de celebración do 2.º exercicio, as seguintes:

- As/os aspirantes convocadas/os deberán acudir ao chamamento, na explanada exterior do Pazo dos Deportes sen acompañantes, salvo casos de forza maior e necesidade acreditada.
- O chamamento producirase na explanada exterior, debendo as/os aspirantes gardar entre eles a distancia de seguridade ata o momento de chamamento para entrar no recinto de exame.
- As/os aspirantes deberán vir provistos obrigatoriamente de mascarilla quirúrxica ou equivalente (ffp2 homologada). No control de acceso, os membros do Tribunal quedan habilitados para solicitar a substitución dunha mascarilla non quirúrxica, facilitando unha municipal. A negativa de uso obrigatorio de mascarilla ou de substitución da mesma pola mascarilla quirúrxica facilitada, significará a imposibilidade de acceder ao recinto de exame, resultando directamente como “Non presentada/o”.
- As/os aspirantes deberán vir provistos do seu propio bolígrafo azul e demais material de escritura que consideren necesario.
- As/os aspirantes deberán hacer uso obrigatorio do xel hidroalcohólico posto a disposición á entrada e á saída do exame.
- Pola excepcional situación sanitaria, considerarase causa de forza maior a inasistencia ao chamamento por situación de aillamento preventivo determinado polo SERGAS, corentena por PCR positivo e calquera outra análoga. Deberase acreditar tal circunstancia, con carácter previo e documentalmente vía email ao departamento de persoal (persoal@arteixo.org), rexistro de entrada ou sede electrónica. O Tribunal analizará cada unha das situacións, a fin de determinar a procedencia dun novo chamamento posterior para estes casos.
- Tras a finalización do exame, as/os aspirantes abandonarán o recinto de exame segundo se lles vaia ordenando a saída, debendo abandonar as instalación e evitando en todo momento, aglomeracións de persoas que non respeten as distancias de seguridade interpersonal.
- O Tribunal reservase a adopción de medidas complementarias de control no acceso, como lectura de temperatura ás/aos aspirantes, non permitindo o acceso daquelas/es que presenten temperatura superior aos 37,5.º e calquera outra que se considere procedente segundo as instrucións sanitarias do momento, contando se fora preciso co asesoramento do Servizo de Prevención.

Arteixo, 25 de febreiro de 2021.

Asinado: Carlos Calvelo Martínez

Alcalde-presidente